



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 271 · Mércores, 25 novembro 2015

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Ourense

Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas - Plan estatal de vivenda 2013-2016 ..... 2

##### San Cibrao das Viñas

Información pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 22/2015 do orzamento en vigor ..... 26

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 21/2015, na modalidade de créditos extraordinario ..... 26

Información pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 20/2015 ..... 27

##### Sandiás

Bases para a constitución dunha bolsa de emprego para persoas que realicen o servizo "auxiliar de axuda no fogar" ..... 27

##### Consortio contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín

Exposición pública da conta xeral do orzamento de 2014 ..... 28

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Ourense

*Bases reguladoras y convocatoria de subvenciones para la rehabilitación de edificios y viviendas- Plan Estatal de Vivienda 2013-2016 ..... 8*

##### San Cibrao das Viñas

*Información pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos n.º 22/2015 del presupuesto en vigor .... 26*

*Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos n.º 21/2015, en la modalidad de créditos extraordinario ..... 26*

*Información pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos n.º 20/2015 ..... 27*

##### Sandiás

*Bases para la constitución de una bolsa de empleo para personas que realicen el servicio de "auxiliar de ayuda a domicilio" ..... 28*

##### Consortio contra Incendios y Salvamento de A Comarca de Verín

*Exposición pública de la cuenta general del presupuesto de 2014 ..... 28*



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### IV. ENTIDADES LOCALES

#### Ourense

##### Urbanismo

###### Anuncio

Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIS

Plan estatal de vivenda 2013-2016 - Programa de rexeneración e renovación urbana- Convocatoria de subvencións para a rehabilitación de vivendas e edificios nas Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas do Concello de Ourense.

Anúnciase que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria realizada o día 19 de novembro, adoptou o seguinte acordo:

“A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1º) Aprobar as bases da convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013 - 2016 para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas (Áreas de Rehabilitación Integral) do Casco Histórico de Ourense - 14ª fase; núcleo de Seixalbo - 9ª fase; Polvorín-Camelas-Carballeira - 3ª fase e Serra San Mamede - Cruceiro Quebrado - Inmaculada - 1ª fase, segundo a redacción efectuada polo Servizo de Rehabilitación VPP e PERIS.

2º) Aprobar a convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013 - 2016 para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana (Áreas de Rehabilitación Integral) do Casco Histórico de Ourense - 14ª fase; núcleo de Seixalbo - 9ª fase; Polvorín-Camelas-Carballeira - 3ª fase e Serra San Mamede - Cruceiro Quebrado - Inmaculada - 1ª fase, mediante o procedemento de tramitación anticipada de gasto e condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para elo.

3º) Ordenar a publicación da convocatoria e do texto íntegro das bases no BOP para a apertura do prazo de presentación de solicitudes e o desenrolo da mesma.”

A continuación insírense as bases e os modelos formalizados de solicitudes da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de vivendas e edificios nas áreas de rexeneración e renovación urbanas do Concello de Ourense.

Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas - Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas- 2013 - 2016

Programa de rexeneración e renovación urbanas

Índice

Exposición de motivos

Capítulo primeiro. Obxecto da convocatoria

Artigo 1. Obxecto

Capítulo segundo. Ámbito territorial

Artigo 2. Ámbito territorial das actuacións a subvencionar

Capítulo terceiro. Requisitos das actuacións

Artigo 3. Actuacións subvencionables

Artigo 4. Requisitos xerais

Artigo 5. Conformidade co planeamento

Artigo 6. Condicións dos inmóbeis

Capítulo cuarto. Beneficiarios/as das subvencións

Artigo 7. Beneficiarios/as das subvencións

Capítulo quinto. Réxime económico e orzamentario

Artigo 8. Características das axudas

Artigo 9. Contía das axudas económicas

Artigo 10. Programa complementario de actuacións

Artigo 11. Orzamento protexible

Artigo 12. Límites xerais das axudas

Artigo 13. Compatibilidade das axudas

Capítulo sexto. Procedemento de concesión

Artigo 14. Normas xerais

Artigo 15. Inspección técnica previa. Servizos de asistencia técnica

Artigo 16. Criterios para concesión das subvencións

Artigo 17. Solicitude oficial de axuda e documentación

Artigo 18. Fases do procedemento

Artigo 19. Contratación das obras

Artigo 20. Inicio das obras

Artigo 21. Execución das obras

Artigo 22. Remate das obras

Artigo 23. Cualificación definitiva e pagamento das axudas

Capítulo sétimo. Denegación, perda e reintegro da subvención

Artigo 24. Causas de denegación e perda das axudas

Artigo 25. Reintegro das subvencións

Capítulo oitavo. Remisión normativa

Artigo 26. Remisión Normativa

Disposicións adicionais

Primeira. Outros convenios

Segunda. Promocións tuteladas

Terceira. Subvencións complementarias municipais.

Cuarta. Aplicación a outras ARI.

Quinta. Tratamento de datos de carácter persoal.

Exposición de motivos

I. En desenvolvemento dos acordos da comisión bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense con data 27 de outubro de 2015 para o financiamento das distintas ARRU declaradas no termo municipal, e dando cumprimento ao compromiso asumido por este concello no acordo cuarto dos ditos convenios, regúlanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas nas catro ARRU existentes.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de edificios nos seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral dos ámbitos territoriais delimitados nas ARRU, tanto na súa dimensión física como no da súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro das ARRU e que sexan conformes coas condicións e limitacións establecidas normativamente.

As solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense tentando incentivar as actuacións integrais nos edificios de xeito que se produza unha mellora das súas condicións de accesibilidade, con supresión de barreiras arquitectónicas, estanquidade, seguridade e eficiencia enerxética.

IV. Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración local, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en tanto

que normas reguladoras das bases de concesión das subvencións.

Capítulo primeiro. Obxecto da convocatoria

Artigo 1.- Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular, mediante o procedemento de tramitación anticipada de gasto, a concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios dentro das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas (de aquí en adiante ARRU), tamén denominadas Áreas de Rehabilitación Integral, en base aos acordos de comisión bilateral (convenios de colaboración) subscritos entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, o día 27 de outubro de 2015.

Capítulo segundo. Ámbito territorial

Artigo 2.- Ámbito territorial das actuacións para subvencionar  
As actuacións que poden optar ás subvencións serán as que se executen dentro do ámbito territorial delimitado das catro ARRU/ARI oficialmente declaradas no termo municipal, segundo os seus acordos de declaración, que son:

1. ARRU/ARI do Centro Histórico de Ourense.
2. ARRU/ARI do núcleo de Seixalbo.
3. ARRU/ARI Polvorín - Camélias - Carballeira.
4. ARRU/ARI Serra San Mamede - Cruceiro Quebrado - Inmaculada.

Capítulo terceiro. Requisitos das actuacións

Artigo 3.- Actuacións subvencionables

De acordo co disposto polo artigo 26.1.a) do Real decreto 233/2013, son subvencionables a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente.

Poderán incluírse os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

Para estes efectos, consideraranse coma custos derivados da tramitación administrativa aqueles gastos que o/a solicitante puidese satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e das actuacións recollidas nela. Ademais de estar reflectidos tanto nos orzamentos presentados para a cualificación provisional como nas facturas presentadas para a obtención da cualificación definitiva. O límite máximo protexible de tales gastos será o 2% do importe da orzamento protexible da actuación, cun límite máximo en todos os casos de 1.000 € por expediente.

Nas edificacións rehabilitadas obxecto das actuacións subvencionadas a través destas bases manteranse os usos autorizados preexistentes. En ningún caso se subvencionarán actuacións en segundas residencias.

Non poderán participar na convocatoria aquelas actuacións que xa estiveran comezadas con anterioridade á publicación das presentes bases e convocatoria. Igualmente, se as obras comezasen con anterioridade á súa cualificación provisional por parte da administración autonómica, perderíase o dereito á subvención.

As actuacións de rehabilitación axustaranse estritamente á lexislación e ao planeamento urbanístico vixente no intre de solicitaren a subvención así como as demais normas sectoriais que lles sexan de aplicación.

As devanditas actuacións de rehabilitación estarán incluídas nos seguintes tipos:

A. Rehabilitación de elementos comúns e/ou vivendas dos edificios:

Estas actuacións poderán ser de adecuación estrutural, de adecuación funcional, de remodelación ou de ampliación. A definición de cada tipo de actuación é a recollida no artigo 8 do Decreto da Xunta de Galicia 29/2010 do 4 de marzo de 2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia ou norma que o substitúa. As obras poden incluír derrubamentos parciais en edificios con uso residencial que comporten a caída estrutural e funcional dos devanditos edificios.

A título unicamente exemplificativo, entenderanse subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Acceso adecuado para as persoas con discapacidade.
- b) Instalación de ascensores ou outros medios técnicos que resolvan a mobilidade vertical na edificación.
- c) Adecuación das condicións de protección fronte a incendios.
- d) Adecuación das condicións de salubridade.
- e) Adecuación dos elementos de estanquidade fronte a choiva.
- f) Seguraza estrutural.
- g) Sistemas adecuados de evacuación de auga de choiva e saneamento.
- h) Sistemas de aforro enerxético.
- i) Mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de mobilidade vertical da edificación.
- j) Mellora da eficiencia enerxética das instalacións eléctricas.
- k) Mellora da eficiencia enerxética do saneamento e da fontanería.
- l) Mellora da eficiencia enerxética do sistema de calefacción.
- m) Mellora da eficiencia enerxética da extracción de fumes e ventilación.
- n) Illamento térmico e illamento acústico do edificio.

As actuacións deberán atender polo tanto á mellora das condicións de seguridade, accesibilidade, eficiencia enerxética e habitabilidade e poderán afectar, dentro desas catro tipoloxías, ás instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e outras instalacións e servizos de carácter xeral.

Non se protexerán aquelas partes dos orzamentos das obras cuxa finalidade sexa puramente decorativa ou suntuaria.

Exclúense da convocatoria aquelas actuacións que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados integrais de parcelas.

As actuacións nas vivendas (elementos privativos) deberán de estar sempre relacionadas con actuacións de carácter xeral acordadas pola comunidade de propietarios ou pola propiedade única dun edificio nas instalacións fixas e equipamento propio da edificación tales coma redes de servizos xerais, elementos de peche de fachadas e cubertas, etcétera, aínda que só afecten a unha parte das vivendas da edificación.

Non poderán concorrer á convocatoria actuacións individuais en vivendas con destino á mellora dos seus elementos privativos.

Artigo 4.- Requisitos xerais

Para os efectos de obter as axudas previstas nestas bases será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1º. As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras ou autorización administrativa oportuna (actuación comunicada) nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar.

2º. A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.



3º. As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

4º. As obras obxecto de subvención deberán de cumprir a normativa vixente de aplicación en materia de Código Técnico da Edificación, Infraestrutura común de acceso aos sistemas de telecomunicacións e demais normativa técnica sectorial aplicable.

5º. As demais que se sinalan nestas bases.

Artigo 5.- Conformidade co planeamento

1. Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán estar conformes coas determinacións da normativa aplicábel en cada momento.

2. Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento vixente, para adaptalos ao dito planeamento.

Artigo 6.- Condicións dos inmobles

1. Os edificios deberán contar como mínimo cun 60% da súa edificabilidade sobre rasante destinada ao uso residencial de vivenda habitual.

2. Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade das redes de abastecemento e saneamento, agás que as obras inclúan as accións necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

Capítulo cuarto.- Beneficiarios/as das subvencións

Artigo 7.- Beneficiarios/as das subvencións

1. Poderán ser beneficiarios/as das axudas os/as que asuman a responsabilidade da execución da actuación, xa sexan administracións públicas, os propietarios únicos de edificios, as comunidades de propietarios formalmente constituídas, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

2. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

3. As obrigas dos/as beneficiarios/as serán as seguintes:

1. Realizar algunha das actuacións ás que se refire a base 5.

2. Comunicarlle ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

3. Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Ourense consideren pertinentes durante a execución da actuación.

4. As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación nesta convocatoria, en especial as contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Capítulo quinto.- Réxime económico e orzamentario

Artigo 8.- Características das axudas económicas

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido, poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas no artigo 3 destas bases e financiarán parcialmente as actuacións de rehabilitación nas proporcións e cantidades que se reflectan nos artigos seguintes destas bases.

As subvencións concederanse no marco dos acordos asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia (IGVS) e o Concello de Ourense.

Para os efectos de obter as axudas previstas nas presentes normas de procedemento, terase en conta que serán concedidas tendo en conta os informes técnicos e xurídicos emitidos polo servizo municipal xestor da rehabilitación do concello (Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI).

Artigo 9.- Contía das axudas económicas

A contía máxima das subvencións determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación, que incluírá no seu caso, os custos desagregados segundo os tipos de actuacións previstos no artigo 3 destas bases e non poderá exceder do 35 % do custo subvencionable da actuación.

Por cada vivenda obxecto de rehabilitación establécese unha axuda máxima unitaria de 11.000 euros. A contía máxima das axudas calcularase multiplicando esta suma polo número de vivendas obxecto de rehabilitación en cada actuación.

Artigo 10.- Programa complementario de actuacións

Tendo en conta o establecido na normativa legal e regulamentaria de aplicación directa a esta convocatoria de rango normativo superior, non se establece ningún programa complementario de actuacións.

Artigo 11.- Orzamento protexible

1. Por orzamento protexible entenderase o custo máximo da execución da actuación. Comprenderá o orzamento xeral, é dicir, será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público.

2. O orzamento presentado quedará suxeito á posibilidade de revisión de prezos, segundo as distintas partidas do catálogo de prezos de rehabilitación determinados polo IGVS.

e da Base de datos da construción de Galicia. Excluirase do mesmo mobiliario, elementos decorativos e materiais suntuarios.

3. Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 3.000 €.

4. As contías máximas de orzamento protexible serán as seguintes:

1. Rehabilitación de elementos comúns de edificios

Contía máxima de orzamento protexible por edificio será a aceptada polos técnicos da Área Provincial do IGVS e recollida na cualificación definitiva da actuación.

Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexible da devandita actuación.

2. Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmóbel que alberga exclusivamente unha vivenda unifamiliar ou ben cando esta ocupe como mínimo o 60% da edificabilidade sobre rasante do edificio.

A contía máxima do orzamento protexible será a aceptada polos técnicos da Área Provincial do IGVS e recollida na cualificación definitiva da actuación.

Artigo 12.- Límites xerais das subvencións

As subvencións previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicable prevexa e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

As subvencións outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias que se incluírán nos orzamentos para a anualidade 2016 co nome e coa dotación orzamentaria máxima seguinte, segun-

do as achegas comprometidas no Acordo con data 27 de outubro de 2015 entre o Ministerio de Fomento, o IGVS da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense en materia de actuacións en cada unha das ARRU/ARI existentes, que se recollen no cadro seguinte:

Partida; Mº Fomento 2015 €; Mº Fomento 2016 €; total €

Convenio Ministerio Fomento - IGVS, ARI Centro Histórico, 14ª fase rehabilitación; 108.691,13 161.281,87; 269.973

Convenio Ministerio Fomento - IGVS, ARI NIE Seixalbo, 9ª fase rehabilitación ;19.524,15; 28.971; 48.495,15

Convenio Ministerio Fomento - IGVS, ARI Polvorín - Camelias - Carballeira, 3ª fase rehabilitación; 258.242,07; 383.193,78; 641.435,85

Convenio Ministerio Fomento - IGVS, ARI S. San Mamede - Cruceiro Quebrado - Inmaculada, 1ª fase rehabilitación; 36.230,38; 53.760,62; 89.991

A concesión das subvencións para todos os exercicios económicos quedan condicionadas e limitadas á existencia de partida e de crédito orzamentario dispoñible en cada unha das anualidades ás que se imputen as actuacións para subvencionar.

A contía destas axudas poderá ser modificada á alza cando concorran as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 13.- Compatibilidade das axudas

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezcan nas distintas normativas reguladoras desas axudas, a excepción das subvencións procedentes do Programa de fomento da rehabilitación edificatoria contidas no capítulo V do Real decreto 233/2013 pero a suma de todas elas non poderá superar, en ningún caso, o custo total da actuación concreta.

Capítulo sexto.- Procedemento de concesión

Artigo 14.- Normas xerais

1. O prazo de presentación de solicitudes de axudas comezará coa publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

2 O procedemento é mediante concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. A instrución do procedemento corresponderalle ao Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

4. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, establécese un procedemento de instrución abreviado, consistente en que a proposta de concesión formalizárase polo órgano instrutor designado, que unicamente procederá a comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a concesión da subvención, polo que non intervirá un órgano encargado de avaliar as solicitudes presentadas.

5. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de catro meses. Unha vez transcorrido o citado prazo sen que se notifique esta resolución, o/a interesado/a poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

6. A resolución dos expedientes corresponderalle á Xunta de Goberno Local que é tamén o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora. Esta resolución pon fin á vía administrativa e deberá adoptarse no prazo de catro meses que comezará a contar desde o día seguinte en que se comunique polo/a interesado/a o remate das obras, acompañada de toda a documentación complementaria esixíbel, ou ben daquel en que se complete esta a instancia da administración.

Transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución, os/as interesados/as poderán entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención para os efectos oportunos.

Artigo 15.- Inspección técnica previa. Servizos de asistencia técnica

O/A petionario/a poderá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica anterior ao inicio das obras subvencionables. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI para comprobar o estado da edificación e asesorar o/a petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmovible.

Unha vez realizada a visita de inspección e o informe que define con anterioridade as obras para realizar, o particular poderá solicitar do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI, a colaboración para a redacción da documentación técnica precisa para a obtención da licenza de obras ou actuación comunicada eficaz. En ningún caso esta colaboración significará asumir o encargo de redactar os documentos técnicos citados.

Estas solicitudes de colaboración serán aceptadas, en función dos medios e recursos dispoñíbeis, nos seguintes casos:

a) Promocións tuteladas que o concello promova segundo o establecido na disposición adicional segunda.

b) Realización de prácticas de formación que promova o Servizo.

c) Obras menores que non requiran de proxecto técnico.

d) Outras solicitudes consideradas de interese xeral.

En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza ou actuación comunicada eficaz, coma a dirección facultativa das obras, serán realizadas por persoal técnico con capacitación profesional e habilitación legal abonada e axeitadas ás características das obras que se deban acometer contratados directamente polos/as posibles beneficiarios/as das subvencións.

Artigo 16.- Criterios para concesión das subvencións

As axudas outorgaranse, dentro de cada unha das catro ARRU/ARI, de acordo co criterio de temporalidade, que determinarán a preferencia dunha solicitude sobre outras dentro de cada fase, anualidade ou unidade temporal ou orzamentaria de xestión que se fixe nos acordos entre as administracións intervinientes para o financiamento das actuacións de rehabilitación na ARRU/ARI.

Terán pois preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e, por último, no caso de solicitudes que completaran a documentación ao mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presentasen antes no rexistro municipal.

Artigo 17.- Solicitude oficial de axuda e documentación

1. As solicitudes de axuda deberánse presentar no prazo dun mes (1 mes) que comezará a contar desde a publicación no BOP da Provincia de Ourense da presente convocatoria, podendo abrirse un segundo ou ulteriores prazos no caso de se autorizar a redistribución de anualidades ou a consecuencia da existencia de remanentes.

2. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse nunha instancia normalizada que se lles facilitará nas dependencias do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



3. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación, sempre que esta non poida ser obtida pola dependencia xestora municipal a través de procedementos telemáticos ou de solicitudes formuladas ás administracións e entidades que as teñan que facilitar:

1. Documentación relativa ao/a solicitante

a) Fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do seu representante, no caso das persoas físicas.

b) No caso de tratarse dunha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios constituídas ambas as dúas consonte co disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960 ou de persoas xurídicas que sexan propietarias únicas de edificios de vivendas (sociedades e comunidades de bens):

- Documento acreditativo da súa constitución.

- Documento acreditativo da representación con que se actúa por parte das persoas físicas no nome da comunidade ou da agrupación.

- Fotocopia do DNI das persoas físicas que actúen en nome e en representación da comunidade, da agrupación ou persoa xurídica.

- Documento acreditativo do CIF da comunidade, agrupación ou persoa xurídica.

c) Declaración responsable de non estar incurso/a nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Declaración responsable do cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

2.- Documentación relativa ao inmovible

a) Xustificación da titularidade do edificio. Poderá achegarse certificado ou nota simple do Rexistro da Propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico (contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición da herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, etcétera), que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, cando a lexislación así o permita, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervinientes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

b) Ademais, no caso das comunidades de propietarios ou agrupacións, relación de persoas propietarias do edificio, identificando o NIF de cada unha e a referencia catastral de cada vivenda.

c) Informe de avaliación do edificio (IAE), cos requisitos esixidos polo título I da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas. Ou ben aquelas partes deste que se teñan que presentar para complementar o informe de Inspección Técnica de Edificios (ITE) xa entregado. Tanto no caso de terse xa presentado o IAE de xeito íntegro coma no de terse presentado o informe de ITE, achegarase unha copia da acreditación da dita presentación.

3.- Documentación relativa ás obras para executar.

a) Declaración responsable de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta ordenanza; o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

b) Proxecto técnico que defina as obras ou outro documento técnico baixo o nome de memoria valorada, proxecto básico ou outro similar, que recolla a definición das obras a subvencionar de xeito suficiente para que os servizos técnicos municipais

poidan emitir unha proposta favorable sobre elas por axustárense á normativa urbanística de aplicación e ás normas reguladoras desta subvención.

c) Licenza urbanística de obra concedida e expedida ou actuación comunicada declarada eficaz, segundo o suposto que proceda. Para os efectos de presentarse á presente convocatoria, bastará tamén acreditar a súa solicitude, sempre e cando, antes da cualificación provisional da obra, se acheguen estas ao expediente.

d) Certificación expedida polo órgano competente da comunidade ou da persoa xurídica do acordo da comunidade de propietarios ou do órgano que estatutariamente teña atribuída a competencia para adoptalo no caso das figuras societarias ou comunitarias que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas nesta norma, así como a autorización para acadar os datos en poder da Administración pública municipal que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo/a tesoureiro/a municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais no concello).

Artigo 18.- Fases do procedemento

1. Achegada a solicitude coa documentación complementaria e unha vez efectuada a súa verificación documental, emitiranse os informes oportunos polo servizo instructor e, posteriormente, procederase á resolución da convocatoria seleccionando, segundo os criterios expostos nestas bases, as solicitudes que terán dereito a ser propostas ante o IGVS para obter a súa cualificación provisional.

2. Á vista da cualificación provisional, a Alcaldía-Presidencia ou o órgano que por delegación daquela ostente as competencias en materia de rehabilitación formulará proposta para outorgar a subvención se procede e o órgano que ostente a competencia para autorizar o gasto resolverá sobre a concesión inicial das axudas, previa proposta de resolución do servizo instructor. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite.

3. No momento de elevar o expediente ao órgano competente para a súa aprobación, se as obras, visitadas e supervisadas con anterioridade polos técnicos do servizo, estivesen cualificadas definitivamente, acordarase só a aprobación definitiva das axudas, sen prexuízo de demorar o recoñecemento do dereito ao aboamento da subvención ate o exercicio orzamentario ao que se teña adscrita a actuación.

4. Unha vez recibida a comunicación da cualificación provisional, e antes do comezo das obras, o/a solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do Programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño que se estableza no manual de imaxe corporativa do Plan Vivenda 2013 - 2016 o cal deberá permanecer ata a cobranza total das axudas solicitadas.

Artigo 19.- Contratación das obras

1. Os/as solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

2. Deberá constar no Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

Artigo 20.- Inicio das obras

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da cualificación provisional polo IGVS da subvención. O devandito prazo poderá prorrogarse polo

mesmo prazo, logo da solicitude xustificada. Unha vez transcorrido este período sen que comezasen as obras poderase proceder á retirada da subvención inicialmente outorgada, previo expediente con trámite de audiencia ao interesado/a.

2. O/a solicitante promotor/a das obras comunicarlle formalmente ao Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do orzamento de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

#### Artigo 21.- Execución das obras

a) As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión da cualificación provisional por parte do IGVS. Este prazo poderá ser prorrogado por petición do/a solicitante da subvención expresa que lle será remitida ao IGVS para a súa resolución polo Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI xunto coa proposta deste que proceda.

b) A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada poderá dar lugar á retirada da subvención inicialmente outorgada ou á denegación definitiva desta, previo expediente con trámite de audiencia ao interesado/a.

c) As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a cualificación provisional e a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística.

d) O Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo caso, supervisar de oficio as obras, mesmo coa participación dos técnicos do IGVS cando proceda, sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

e) Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das obras, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o solicitante das axudas, o Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación co técnico do servizo encargado do seguimento.

#### Artigo 22.- Remate das obras

a) Unha vez finalizadas as obras, e no prazo máximo dun mes a contar desde a expedición do certificado de fin de obra cando este procedera, o/a beneficiario/a comunicará oficialmente o seu remate e presentará a documentación redactada polo seu técnico director, as facturas correspondentes emitidas pola empresa contratada para a execución das obras, coa sinatura do técnico competente se a natureza dos traballos así o esixe e os seus xustificantes de pagamento, co fin de que os servizos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI poidan elaborar a proposta de cualificación definitiva e de subvención final que se aboará e que conterá, ademais, a certificación da súa realización así coma as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións.

b) As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: número; nome ou razón social da empresa executora das obras co seu enderezo ou enderezo fiscal e o seu DNI ou CIF; nome ou razón social do pagador co seu enderezo ou enderezo fiscal e o DNI ou CIF. O IVE presentarase sempre desagregado. O produto vendido ou servizo facturado deberá quedar claramente descrito na factura.

c) Os pagamentos deberán de acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento bancario nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admite ningún tipo de pagamento en efectivo.

d) Esta proposta e certificación serán remitidas ao IGVS para a súa cualificación definitiva.

e) En obras que precisen licenza de primeira ocupación, a solicitude desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

#### Artigo 23.- Cualificación definitiva e pagamento das axudas

Unha vez que o IGVS emita o documento de cualificación definitiva e como norma xeral procederá á declaración do dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo de demorar o recoñecemento do dereito ao abonamento da subvención até o exercicio orzamentario ao que se teña adscrita a actuación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o/a beneficiario/a non se atope ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. Para tales efectos, unha vez rematadas as obras, deberá achegar certificados de que o beneficiario (comunidade de propietarios, agrupación de comunidades, ente asociativo ou de xestión, figura societaria, comunidade de bens ou persoa física) se atopa ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

O/a beneficiario/a deberá achegar, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral do concello, a folia de terceiros no modelo oficial normalizado para acreditar a existencia e titularidade da conta bancaria na que se ingresará o importe final da subvención.

Capítulo sétimo.- Denegación, perda e reintegro da subvención

#### Artigo 24.- Causas de denegación e perda das axudas

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmobles para rehabilitar.

b) Comezar as obras antes de que se outorgue a cualificación provisional das actuacións para subvencionar.

c) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas polo IGVS nin amparadas por licenza urbanística outorgada e expedida ou comunicación anterior eficaz.

d) A grave incorrección técnico-construtiva das obras, apreciada polo Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI e constatada no proxecto ou na súa execución.

e) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade respecto do estado anterior do inmovble.

f) Iniciar as obras sen dar conta ao Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI.

g) Incumprir os prazos sinalados na cualificación definitiva ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.

h) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI ou do IGVS por parte do promotor ou do contratista.

#### Artigo 25.- Reintegro das subvencións

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establece nos artigos 32 e seguintes da Lei de Galicia 9/2007.



2. A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de catro anos desde o outorgamento definitivo da subvención, determinará a obriga de devolver o seu importe cos xuros que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

Capítulo oitavo.- Remisión normativa

Artigo 26.- Remisión normativa

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

a) O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

b) O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

d) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

e) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

f) O Convenio de colaboración asinado o 5 de setembro de 2014 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

g) A Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

h) Os acordos da Comisión Bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense con data 27 de outubro de 2015 para o financiamento das distintas ARRU declaradas no termo municipal, aprobados por acordo do Excmo. Pleno do concello na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o mesmo día, no punto 1 da orde do día.

Disposicións adicionais

Primeira.- Outros convenios

Mediante convocatorias específicas poderán establecerse liñas de axuda para actuacións de rehabilitación de inmóbeis destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que establecerán o concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas, sen prexuízo da aplicación directa ou supletoria de todas ou de parte destas bases.

Segunda.- Promocións tuteladas

1. O concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en alugueiro de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.

2. Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, a suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o alugueiro das súas partes.

3. A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán estabelecidas mediante convocatoria pública, ao igual que a oferta de alugueiro das vivendas ou locais.

Terceira.- Subvencións complementarias municipais

O concello poderá establecer unha liña de subvencións dotada de fondos propios para complementar as axudas que se convocan nestas bases e que sexan compatibles con elas, sempre dentro dos límites máximos legais permitidos para subvencionar este tipo de actuacións.

Cuarta.- Aplicación a outras ARRU/ARI

